



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE XULLO DE 2013

LICENZAS

LIC/154/2013.- MARIA DEL CARMEN GRELA MUNIN.- Conceder licenza para construción de vivenda unifamiliar na rúa Senande,40.

LIC/604/2013.- MARIA JOSE REGUEIRO FRAGA.- Conceder licenza para reforma interior de vivenda e cambio de tella no lugar de Pardiñas, 56.

LIC/883/2013.- ISABEL CALVO CALVIÑO.- Conceder licenza para derruba de alpendre no lugar de Aradas, 35.

LIC/865/2013.- LORENA GAMALLO PEREIRA.- Conceder licenza para reforma de cuberta na rúa de Ponte Munín.

LIC/808/2013.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder licenza para instalación de ascensor en edificio existente na rúa dos Concheiros 7.

LIC/644/2013.- ANA MARIA VILARIÑO PEREZ.- Conceder licenza para construción de galpón no lugar de Aldea de Abaixo, 9.

LIC/629/2013.- MARIA MANUELA FREIRE SANTOS.- Conceder licenza para rehabilitación de vivenda en planta primeira do edificio situado na rúa da Carreira do Conde, 17.

OBRA Y APERTURA

LIC/2066/2010 e LAP/299/2010.- JOSE MARIA MIRAMONTES SANCHEZ.- Autorizar a modificación da licenza outorgada na sesión do 10 de outubro de 2011 de rehabilitación e apertura dunha casa de turismo rural en Pardaces de Arriba, 4.

LIC/1388/2010 e LAP/308/2010.- CONSTRUCCIONES ALDEMUDE SL.- Conceder as licenzas para rehabilitación de edificio con destino a albergue turístico na rúa de San Clemente, 26.

RECURSO DE REPOSICION

LAP/441/2006.- TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, SA.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do día 3 de xaneiro de 2013.

3.- Recurso de reposición interposto por TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SA contra acordo de data 03.01.2013.

Trátase dun recurso por unha instalación na que a interesada reclama que está en situación de fóra de ordenación pero isto non é así xa que, no momento da instalación denta estación base non se solicitou licenza. Non existindo por tanto motivo que o xustifique a XGL aprobou desestimar este recurso.

4 a 14.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

15.- Autorización de traspaso da caseta NC175 da que é titular o Mercado de Abastos de Santiago, S.Coop.G a favor de MARIA CAMIÑO PEREIRO.

Autorízase o traspaso.

16.- AUTORIZACIÓN, traspaso da caseta NA358 da que é titular MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO S. COOP. G a favor de ALBERTO FERNÁNDEZ TABOADA.

Autorízase o traspaso.

17.- Autorización traspaso das casetas NC133-134 das que é titular MARIA SOLEDAD VILAR BEIROA a favor de MARIA CARMEN ROMERO MANEIRO.

Autorízase o traspaso.

18.- Autorización traspaso da caseta NC284 da que é titular AMPARO IGLESIAS SEOANE a favor de MONICA BAUZA COLMENARES.

Autorízase o traspaso.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa á denegación de autorización para a substitución de vehículos adscritos ao servizo municipal do transporte público de viaxeiros.

A XGL, a proposta do Concelleiro de Mobilidade, vén de rexeitar a solicitude de substitución de autobuses urbanos de máis de 13 anos por outros máis novos por parte da UTE Autobuses Urbanos de Lugo S.A e TRAP S.A. xa que, á vista do informe da Xerencia de TUSSA, non queda acreditado documentalmente pola concesionaria as frecuentes avarías que según eles se producen. Ademais que os vehículos que se queren dar de baixa están totalmente amortizados e a súa substitución tería como consecuencia un incremento da liquidación anual do transporte urbano, aínda que non se pode cuantificar xa que a concesionaria non acredita o prezo de compra destes autobuses. O Plan de renovación previsto no contrato establece a renovación de once vehículos para o ano 2015.

20.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á modificación puntual da relación de postos de traballo.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Persoal modificar a Relación de Postos de Traballo do Concello (RPT) en relación ao posto de director da Banda Municipal de Música, en concreto, modificar as condicións desta plaza no tocante á duración do contrato xa que este posto se cubre cun contrato de alta dirección. Actualmente, e segundo o acordado pola XGL do 19 de novembro de 2007, a duración é de catro anos con posibilidade de prorrogarse dous máis. A partir de agora, e dado que non se vai a exercer a prórroga, o contrato sera de dous anos prorrogables.

Este é un cambio froito das bases que se están a elaborar para contratar o Director da Banda xa que o actual, Carlos Seráns Olveira, remata o contrato o 30 de setembro e non se vai executar a prórroga.

21.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á autorización da colocación dunha placa na base dunha estatua sita nos xardíns de San Caetano.

O profesor Andrés Caamaño Hermida do Centro de Educación Especial Manuel López Navalón xubilarase en breve e a directora do Centro, Fátima García Doval solicita que se lle autorice a colocación dunha placa de aceiro en A5 de baixorelieve na estatua homenaxe á comunidade xorda (dúas mans de ferro) que o profesor Caamaño elaborou en 1993. Á vista do informe do Xefe da OCIHR.

22.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á aprobación do programa de voluntariado.

A XGL aprobou a proposta de Programa de Voluntariado da Concellaría de Xuventude consistente en dúas accións:

-Unha é un programa de Voluntariado ambiental, acometendo labores de conservación do entorno natural de Santiago de Compostela, en concreto na Carballeira de Tarrío Carballal os días 16, 23 e 30 de xullo.

-A outra é un programa de Voluntariado Lingüístico no que os mozos e mozas participantes farán labor de acollida de peregrinos extranxeiros, facendo actividades de interpretación e tradución e ofrecendo a súa axuda e acompañamento que se realizará entre os días 22 e 31 de xullo.

Estes programas terán un custe de 1.501,69 €.

23.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á devolución de fianza solicitada pola ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA SARELA.

Apróbase a proposta.

24.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao rexeitamento de recurso de reposición.

O cidadán afectado solicitaba que a parte da súa finca que se destina a viario fora obtida mediante a institución de expropiación cousa que, coa normativa vixente e para o caso en cuestión, non se tiña por que utilizar, por tanto rexéitase o recurso de solicitude de expropiación.

25.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial da Modificación puntual número 2 do Plan especial de reforma interior de Vieiro no ámbito da unidade de execución número 1.

A XGL aprobou esta modificación que consiste nunha redistribución do aproveitamento edificable entre os bloques 1 e 2, co obxecto principal de unificar o número de plantas do bloque 2 en toda a súa lonxitude, de xeito que o espazo en planta baixa resulta da ordenación vixente.

A modificación non altera a superficie edificable total autorizada no polígono, nin a delimitación das parcelas resultantes da equidistribución aprobada.

26.- Dar conta de subvencións concedidas pola Deputación Provincial da Coruña.

Deuse conta á XGL das seguintes subvencións concedidas pola Deputación de A Coruña:

-Para a “Participación nos X Xogos do Eixo Atlántico” 5.985 €.

-Para o “Suministro e instalación de vallas protectoras e porterías de hockey a patíns e acondicionamento básico da pista de xogo do pavillón polideportivo do CEIP Apóstol Santiago” 10.980 €.

URXENCIAS

- Apróbase a modificación da ordenanza de terrazas.
- Aprobese a colaboración co IGVS para o financiamento do mantemento da oficina municipal de Rehabilitación. O 60% ata un máximo de 25.000 euros.
- Apróbase a designación de técnicos municipais para o proxecto de excavación do Castelo da Rocha.
- Dáselle o visto bo á petición de Hostelería de unha hora máis de apertura entre o 19 e o 31 de xullo e o 14 e o 18 de agosto.